

Concello de San Sadurniño

NORMAS PARA O BO FUNCIONAMENTO DA FEIRA DA PLANTACI3N

1.- Organizador.

O Concello de San Sadurniño 3 o organizador da Feira, sendo o responsable da xesti3n e de situar os expositores participantes nos lugares que se lles indique.

O Concello poder3, cando existan circunstancias que as3 o aconsellen, e para mellor funcionamento da Feira, adoptar decisi3ns puntuais de organizaci3n e xesti3n, que ser3n de obrigatorio cumprimento para todas as persoas participantes.

2.- Qu3n pode participar na feira.

1. Viveiros.
2. Artesan3a (s3 poder3n participar as persoas e/ou empresas que estean en posesi3n do n3mero de rexistro de taller artesanal).
3. Venda de produtos agrarios ecol3xicos (Deber3n ter rexistro no Consello Regulador da Agricultura Ecol3xica de Galicia).
4. Produtores e produtoras de horta.
5. Maquinaria agr3cola.
6. Entidades sen fin de lucro.

3.- Situaci3n, data e horarios.

A feira celebrarase en San Sadurniño o 3ltimo domingo do mes de abril. A Feira situarase na Finca A Cortiña, e o horario p3blico da mesma ser3 de 10:30 a 19:30 horas.

4.- Condici3ns de participaci3n.

A participaci3n formalizarase mediante a subscripci3n do modelo normalizado "Solicitud de Participaci3n". As solicitudes poder3n ser presentadas empregando alg3n dos seguintes medios:

- Presentaci3n no Rexistro municipal na Casa do Concello ou na Casa da Cultura. (s3 persoas f3sicas)
- Por correo postal certificado: Concello de San Sadurniño, O Casal, 16, 15560 San Sadurniño. A Coruña. (s3 persoas f3sicas)
- Pola sede electr3nica do Concello de San Sadurniño. (medio obrigatorio para persoas xur3dicas)

No caso de utilizarse o correo postal certificado, a persoa f3sica interesada deber3 remitir unha copia da instancia ao enderezo electr3nico: agustin.perez@sansadurnino.gal, dentro das vinte e catro horas seguintes ao da remisi3n postal, sempre que se atope dentro do prazo de presentaci3n de instancias. Sen a concorrencia de 3mbolos requisitos non ser3 admitida a solicitud.

Concello de San Sadurniño

Os expositores e expositoras deberán completar todos os datos que se solicitan. A inexactitude dos datos ou a non cumprimentación completa do modelo de solicitude poderá ser causa de exclusión.

Poderanse solicitar un máximo de 15 metros lineais, agás viveiros e maquinaria agrícola que poderán solicitar un máximo de 25 metros liñais. Os metros solicitados non outorgan un dereito de concesión dos mesmos: neste sentido, os metros poderán ser modificados en función do número de solicitudes.

Os postos participantes na Feira deberán traer o mobiliario necesario para instalárense no espazo asignado.

Non se admitiran solicitudes exclusivamente por email nin whatsapp.

5.- Prazos.

1. A DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES é o martes 15 de abril ás 23:59 horas.
2. A publicación da LISTAXE DAS SOLICITUDES ADMITIDAS será o luns 21 de abril na páxina web do Concello, www.sansadurnino.gal

6.- Documentación e requisitos.

1. Contar cos rexistros sanitarios en vigor daqueles produtos que deban telo, así como de carné de manipulación de alimentos para o caso de que a normativa o requira.
2. Que a súa actividade se atope de alta en Facenda e que estea ao corrente nos pagos fronte á facenda estatal e autonómica, se é o caso.
3. Que se atopa de alta na Seguridade Social e estea ao corrente nos pagos fronte á mesma, se é o caso.
4. Cumprir con todas as prescricións legais en materia de prevención de riscos laborais.
5. Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil que dea cobertura ás posibles incidencias derivadas da actividade desenvolta no posto, no seu caso.
6. Cumprir con calquera outra prescrición legal que lle sexa de obrigado cumprimento e non se relacionase entre as anteriores.
7. Os expositores ou expositoras que teñan postos de venda de produtos primarios deberán de cumprir coas normas establecidas no Decreto 125/2014, polo que se regulan en Galicia as condicións de venda directa dos produtos primarios desde as explotacións ao consumo final.
8. Especificamente para produción ecolóxica, a persoa solicitante deberá achegar:

Concello de San Sadurniño

- Certificado ecolóxico dos produtos que vaia a expoñer, tendo en conta que o certificado ten que estar emitido por un Organismo de Control e Certificación (o certificado debe estar en vigor na data que se envíe).
1. Especificamente para artesanía. A persoa solicitante deberá achegar:
- Número de rexistro de taller artesanal.
 - Fotos dos produtos a expoñer.
 - Foto do posto.

7.- Confirmación de espazo e localización.

A reserva do espazo só se fará firme unha vez cumprimentado correctamente e asinado o modelo de solicitude e publicada a resolución de postos admitidos no BOP.

O Concello reserva para si a facultade de realizar a distribución dos postos expositores, atendendo aos intereses xerais da Feira, e terá en conta no posible os intereses da persoa expositora segundo as dimensións do espazo solicitado.

Cumprido tales requisitos, o Concello situará á persoa expositora no espazo correspondente e darallo a coñecer, sen perxuízo de que con carácter excepcional poida modificarse dita localización pola organización por motivos xustificadas.

Non se permitirá a montaxe a ningún expositor ou expositora que non teña aboado o prezo público pola participación na Feira, sendo este un motivo xustificado para a alteración da ubicación de postos a fin de evitar a discontinuidade da exposición.

8.- Prezo público.

O prezo público establecerase mediante acordo da Xunta de Goberno Local, que será publicado no BOP e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Haberá 6 tipos de cotas en función das necesidades materiais e/ou do espazo solicitado.

- Cota para postos que soliciten entre 1 e 5 metros frontais por 5 metros de fondo: 10,00€.
- Cota para postos que soliciten entre 6 e 15 metros frontais por 5 metros de fondo: 25,00€.
- Cota para postos que soliciten entre 16 e 25 metros frontais por 8 metros de fondo: 60,00€.
- Cota para postos que soliciten carpa de 5x5m instalada polo Concello: 110€.
- Cota para postos que soliciten carpa de 12x6m instalada polo Concello: 210€.
- Cota cero (0,00 €), para as entidades expositoras sen fin de lucro (entre 1 e 5 metros frontais por 5 metros de fondo).

Concello de San Sadurniño

*Os postos que soliciten toma de corrente, verán incrementada a cota en 5,00€.

* Tan só poderán solicitar carpa os viveiros e os de venda directa de produtos primarios e/ou agroecolóxicos.

Poderase solicitar toma de corrente por calquera posto, que conlevará no seu caso o aumento da cota que se determine.

Poderán solicitar carpa subministrada polo Concello exclusivamente os viveiros e os de venda directa de produtos primarios e/ou agroecolóxicos, o que implicará o abono do prezo que se determine no acordo da Xunta de Goberno Local.

As cotas deberán ser aboadas dentro dos tres días seguintes ao da publicación da listaxe das solicitudes admitidas, ben presencialmente nas oficinas do Concello ou por transferencia bancaria, na conta: **ES74/2080/0208/0131/1000/0059**, especificando o concepto: Inscripción Feira da Plantación e nome do expositor ou expositora, que deberá coincidir co da solicitude.

O xustificante de transferencia presentarse con anterioridade ao día de celebración da Feira a través da sede electrónica do Concello ou por email agustin.perez@sansadurnino.gal.

O mesmo día da Feira non se admitirá xustificante de ingreso ningún.

9.- Renuncias.

As renuncias deberán ser presentadas por escrito, penalizándose co abono do 50% da taxa para aquelas que se presenten con 6 días ou menos de antelación á data de celebración da Feira.

O Concello poderá outorgar o espazo renunciado, de xeito excepcional, a solicitantes en lista de agarda, aos expositores ou expositoras lindantes co mesmo, reubicar a outros participantes ou adoptar as medidas que estime oportunas ao respecto.

10.- Acceso e ubicación de expositores e expositoras.

O acceso de expositores e expositoras realizarase por orde de numeración, asignando un número correlativo a cada participante e unha hora determinada de entrada. Os e as participantes que non se personen á hora asignada deberán agardar fora do recinto a que finalice a chamada dos e das sí presentes.

Cada expositor ou expositora poderá acceder con vehículo para a montaxe do posto, deberá ubicarse no lugar predeterminado pola organización da Feira e ocupando o espazo autorizado, non admitíndose a utilización de espazos fora da área adxudicada, e deberá retirar o vehículo, obrigatoriamente, á zona de aparcamento determinada para este fin.

Concello de San Sadurniño

Os horarios de entrada estableceranse para asegurar que ás 10:30 horas a Feira poida ser aberta ao público, non admitíndose acceso de expositores ou expositoras máis aló das 10:15 horas.

A exposición manterase continua entre as 10:30 horas e as 19:30 horas, non podendo realizarse labores de desmontaxe antes desta última.

11.- Montaxe/desmontaxe e coidado de instalacións.

A montaxe das carpas solicitadas ao Concello a realizará persoal especializado. Os expositores e expositoras que non solicitaran carpa montarán o posto pola súa conta.

Ao concluír o evento, o expositor ou expositora, calquera que sexa a montaxe realizada, terá a obriga de deixar o espazo utilizado no mesmo estado en que o recibiu (limpo, libre de elementos de montaxe e refugallos).

Durante o horario de celebración da Feira non se permitirán actuacións ou utilización de equipos que causen molestias aos restantes postos, debendo manterse unha situación de convivencia pacífica entre os expositores e expositoras.

A secuencia de desmontaxe comezase mediante o desarme dos elementos do posto -ferros, mesas, lona, etc.- e poderase acceder con vehículo para carga exclusiva do material a partir das 19:45 horas, non podendo acceder nin permanecer vehículos dentro do recinto nin durante o tempo de apertura ao público nin, unha vez finalizada a Feira, antes de ter recollido e desanclado os elementos de exposición, salvo os autorizados expresamente polo Concello.

12.- Instalacións eléctricas.

As instalacións eléctricas serán realizadas polo persoal técnico do Concello. Queda prohibido conectar potencias superiores ás solicitadas ou efectuar conexións non autorizadas.

13.- Responsabilidade civil e cumprimento das normas

O Concello de San Sadurniño ten subscrito un seguro de Responsabilidade Civil para a cobertura de posibles danos a terceiros dentro do espazo do recinto por causas imputables ao Concello, sendo de responsabilidade de cada participante a vixiancia do seu posto e dos produtos de exposición, así como os danos que poidan producirse polos elementos fixos ou desmontables do propio posto no espazo de exposición ou polos produtos expostos.

Exclúese calquera responsabilidade pola concorrencia de fenómenos naturais imprevisibles ou inevitables, caso fortuito ou forza maior que impliquen a interrupción, anulación ou modificación dos horarios da Feira.

O incumprimento das normas establecidas nos artigos 10 a 12 poderá determinar a orde de desmontaxe inmediata do posto e a prohibición de participación de ata 5 futuras edicións.



Concello de San Sadurniño

Concello de San Sadurniño

O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax: